



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Introdución á Economía		Código	760G01002	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es		
Profesorado	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es		
Web	fagullo.info				
Descrición xeral	<p>A asignatura de Introducción á Economía intégrase no plan de estudos da titulación no 1º curso como materia básica. En canto á justificación de esta asignatura podese dicir que posto que as relacións laborais prodúcense normalmente no seno das empresas, é imprescindible para un especialista neste campo, posuir unhas nocións de Economía xeneral, facendo especial fincapié na análise da toma de decisións na empresa (o mercado: oferta e demanda, o consumo, a produción, os custes da produción, os ingresos e o beneficio, etc) e, por suposto, no factor traballo, no precio: o salario e na problemática do mercado laboral.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido abstracto, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa realidade social e os problemas de actualidade. Para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas e dunhas economías cada vez máis complexas e globalizadas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, que lles faga recoñecer o función social da empresa ao ser quen contrata e remunera aos factores productivos, entre eles, o máis importantemente socialmente, o traballo. Polo que concederáselle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Responde á necesidade dun coñecemento máis técnico, desde o punto de vista económico, do ámbito das Relacións Laborais, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é paro, o funcionamento dos mercados, a toma de decisión das empresas na procura dos seus obxectivos, o funcionamento das economías nacionais nun mundo globalizado, o crecemento e o subdesenvolvemento económico, etc. 2. Responde á letra e ao espírito da Lei de Reforma Universitaria cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta. 				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A6	Economía e mercado de traballo.
A10	Organización e dirección de empresas.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A16	Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A19	Identificar as fontes de información económica e o seu contido.
A20	Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.
A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.
A29	Elaborar, implementar e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.



A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B14	Aprendizaxe autónomo.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a metodoloxía da análise económica e familiarizarse coa forma de efectuar as súas razónamentos.	A6	B2	C4
	A10	B3	C5
Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento do consumidor no mercado e na súa toma de decisións. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento das empresas no mercado proveedor, entendendo o proceso de formación de custos e a toma de decisións para acadar os seus obxetivos.	A13	B4	C6
	A14	B6	C7
	A16	B8	C8
	A18	B9	
Coñecer as características do mercado no que opera a empresa, condicioantes da súas capacidade, autonomía e flexibilidade na toma de decisións.	A19	B14	
	A20		
	A26		
Comprender como a toma de decisións vai condicionar os resultados da empresa.	A27		
Adquirir as competencias que permitan atopar a interpretación correcta dos indicadores de uso frecuente no eido empresarial e laboral.	A29		
	A31		
	A32		
	A35		

Contidos	
Temas	Subtemas



TEMA 1. INTRODUCCIÓN: PLANTEAMIENTOS
METODOLÓXICOS.

SUBTEMA 1. CONCEPTOS BÁSICOS E MÉTODO EN ECONOMÍA

1. Instrumentos de análise teórico
2. A actividade económica e o campo de estudo da Economía
3. A Economía como ciencia

SUBTEMA 2. A ESCASEZ E A FPP

1. Escasez e cuestións básicas de toda organización económica. A economía de mercado
2. A Frontera de Posibilidades de Producción (FPP).

SUBTEMA 3. OS SUXETOS ECONÓMICOS E O PAPEL DO ESTADO NA ECONOMÍA

1. Os suxetos económicos.
2. As funcións do Estado.

LECTURAS:

- Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 1.
Mochón, F. Principios de Economía. Cap 1.
Mochón, F. Economía, Teoría y Política. Cap 1 y 2.
Lipsey, R. Introducción a la Economía Positiva. Cap 1, 2 y 3.
Gimeno, J. y otros. Principios de Economía. Cap 1.
Martín, J.L. Principios de Economía. Cap 1 y 2.
Duarte, A. y otros. Curso elemental de micro y macroeconomía. Cap 1.

TEMA 2. O FUNCIONAMIENTO DO MERCADO.

SUBTEMA 4. A OFERTA E A DEMANDA.

1. O mercado.
2. A demanda.
3. A oferta.
4. Determinación do equilibrio de mercado.

SUBTEMA 5. A ELASTICIDADE, CONCEPTOS, CLASES E APLICACIÓNS

1. A elasticidade da demanda.
2. A elasticidade da oferta.
3. Aplicacións da elasticidade.

LECTURAS:

- Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 2 y 3.
Mochón, F. Principios de Economía. Cap 2 y 3.
Mochón, F. Economía, Teoría y Política. Cap 3 y 5.
Lipsey, R. Introducción a la Economía Positiva. Cap 7, 8, 9 y 10.
Gimeno, J. y otros. Principios de Economía. Cap 1 y 2.
Martín, J.L. Principios de Economía. Cap 4, 7 y 8.
Duarte, A. y otros. Curso elemental de micro y macroeconomía. Cap 2.
Wonnacot y Wonnacot. Economía. Cap. 20



TEMA 3. O FUNCIONAMIENTO DA ECONOMÍA NO SEU CONXUNTO.

SUBTEMA 6. EL ANÁLISIS MACROECONÓMICO Y LA RENTA NACIONAL

1. El análisis macroeconómico y la Renta Nacional.
2. La Renta Nacional.
3. La distribución de la Renta Nacional.
4. Variables relacionadas con la población, el empleo y las relaciones laborales.

SUBTEMA 7. O PARO E A INFLACIÓN

1. O paro: causas e efectos.
2. A inflación: causas e efectos.

SUBTEMA 8. A DEMANDA AGREGADA E O EQUILIBRIO GLOBAL DA ECONOMÍA

1. A demanda agregada.
2. O consumo.
3. O aforro.
4. A inversión.
5. O equilibrio entre oferta e demanda agregadas.
6. Modelo do fluxo circular da renta.
7. Multilicadores keynesianos.

SUBTEMA 9. O DIÑEIRO

1. Definición de diñeiro, características e funcións do diñeiro.
2. A creación de diñeiro bancario e o multiplicador monetario.
3. Teorías do diñeiro: clásica y keynesiana.

SUBTEMA 10. OS CICLOS E AS POLÍTICAS ECONÓMICAS

1. Os ciclos económicos.
2. Teorías explicativas dos ciclos.
3. As políticas económicas: monetaria y fiscal.
4. Os efectos das políticas económicas.

LECTURAS:

Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 9, 10

Gimeno, J. Principios de Economía. Cap 7, 9, 10 y 11

Mochón, F. Principios de Economía. Cap. 9 y 14

Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap. .

Martín, J.L. Principios de Economía. Cap 8, 9, 10 11 y 13.

Duarte, A. y otros. Curso elemental de micro y macroeconomía. Cap. 6, 7

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A10 A16 A18 A20 A27 A29 A32 A35 B6 B8 C6 C7 C8	42	62	104
Obradoiro	A6 A18 A26 A31 A35 B8 B9 B14 C4 C5	20	22	42



Proba obxectiva	A6 A13 A14 A18 A19 B2 B3 B4	3.5	0	3.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, que o fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debora polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmitir os contidos do programa dunha forma sistematizada e respectando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dun marco global inicial que permita centrar o tema. - Análise dos aspectos principais que integran o tema. - Síntese integradora do exposto. - Fixación breve e sinóptica do tema. <p>Será empregada principalmente ao comezo dos contidos teóricos pois estes requiren dunha presentación global, sintética e con rigor científico e claridade expositiva.</p>
Obradoiro	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Realizaranse prácticas de aula dos contidos da materia. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre coa posibilidade de ser complementados con probas de tipo test. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A precisión na resposta. - A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos. - A identificación dos conceptos e relacións relevantes. - Xerarquizar a súa importancia.
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas. alguna de estas preguntas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba obxectiva Sesión maxistral	<p>Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización dos obradoiros e outros traballos é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A6 A18 A26 A31 A35 B8 B9 B14 C4 C5	<p>Propoñeranse a realización de prácticas, lecturas e análise de documentos, exposicións, etc., nalgún caso poderán facerse en grupo, procurando así unha aprendizaxe colaborativa entre os membros do grupo, e noutros teranse que facer individualmente.</p> <p>Para calificar as prácticas dos obradoiros fánzanse "obradoiros de control".</p>	60
Proba obxectiva	A6 A13 A14 A18 A19 B2 B3 B4	<p>Farase unha proba obxectiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.</p> <p>A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc.</p>	40
Outros			

Observacións avaliación



Este sistema de avaliación continua esixe a asistencia as sesións presenciais. A porcentaxe mínima de asistencia será do 70%, sin ter en conta as ausencias debidamente xustificadas, dacordo ao establecido pola normativa da udc.

A proba obxetiva formularase en castelán e se poderá respostar e calquera das linguas oficiais da udc. En caso de desexala en galego, deberá indicarlo ao profesor una semana antes da súa realización. Non se poderán portar reloxos e teléfonos intelixentes. As persoas con matrícula en réxime de estudo a tempo parcial e dispensa académica, aos que se lles recomenda seguir un plan de titorías personalizado, terán o mesmo sistema de avaliación que os estudantes a tempo completo, pero sen a obriga da asistencia.

Cada unha das entregas e probas serán calificadas sobre dez para facilitar a súa comprensión. A calificación final (CF) de APTO acadarase con 5 puntos, e será o resultado da seguinte operación:

$CF = (\text{Nota media dos obradoiros de control} \times 0,60) + (\text{Nota da proba obxetiva final} \times 0,40)$.

Esta proba será obrigatoria (si no se realiza, a calificación final será NP).

A proba obxetiva. Se realizará 1 proba final obxetiva que será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. Esta proba será obrigatoria (se non se realiza, a calificación final será NP). O test desta proba será de resposta pechada, con catro alternativas e soamente unha correcta. Os fallos restarán a carta parte dun acerto. Será necesario obter un 4, como mínimo, para poder engadila á calificación media dos 3 obradoiros. En caso contrario, a calificación final (CF) será exclusivamente a da proba obxetiva, sen ponderar.

Os obradoiros. Se requerirá a asistencia e participación activa nas sesións presenciais e a resolución das prácticas propostas. Se realizarán 3 obradoiros de control, un por cada un dos temas da asignatura (será unha proba de completar, facer gráficas e/ou V/F, con material, en V/F: un erro equivaldrá á metade de 1 acerto). Cada falta de participación ou incumprimento respecto ao tempo ou forma das entregas, terá unha penalización do 5% na calificación de cada obradoiro de control. Se non se realizan os obradoiros, a calificación final (CF) será exclusivamente a nota da proba obxetiva sen ponderar.

Segunda oportunidade:

As calificación das diferentes metodoloxías de avaliación da primeira oportunidade da convocatoria se manterán para a segunda oportunidade, na que se deberán cumprir os mesmos requisitos que se establecen para a primeira oportunidade.

Implicacións do plaxio:

A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o ou a estudante será cualificada con 'suspenso' (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b).



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2011). Curso de Introducción a la Economía. https://moodle.udc.es/course/view.php?id=46282- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2016). Introducción a la Economía. introeco@yahoo.es- KRUGMAN, P. Y OTROS (2015). Fundamentos de Economía. Reverte: Madrid- TORRES LÓPEZ, JUAN (2012). Introducción a la Economía. Pirámide- BLANCO, JUAN y AZNAR, JUANA (2004). Introducción a la Economía. McGraw-Hill. Madrid
Bibliografía complementaria	<p>-Mochón Morcillo, Francisco. Principios de Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Mochón Morcillo, Francisco. Economía Teoría y Política. Editorial: McGraw-Hill.-Lipsey, Richard G.. Introducción a -Fisher, Stanley y otros. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Castro, Antonio y otro. Introducción a -Bilas, Richard. Teoría Microeconómica. Editorial: Alianza Editorial.-Brandson, William. Teoría y Política Macroeconómica. Editorial: Fondo de Cultura Económica.-Samuelson, Paul. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Varias autores. Enciclopedia Práctica de Economía. Editorial: Ediciones Orbis.-Cuervo-Arango Martínez, Carlos y otro. Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Alonso, A. y Bouso, P. Introducción Práctica a -Duarte, A. y otros. Curso Elemental de Micro y Macroeconomía. Editorial: Cívitas.-Varian, Hall R. Microeconomía Intermedia. Editorial: Antoni Bosch.-Méndez Morales, José S. Economía y la empresa. Editorial: McGraw-Hill.-Wonnacott P. y Wonnacott, R. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Blanco Ramos, Ignacio. Economía. Editorial: Everest.-Mochon Morcillo, Francisco. Economía Básica. Editorial: McGraw-Hill.-Ochando Claramunt, Carlos y otros. Elementos Básicos de Economía. Editorial: Tirant Lo Blanch.-Febrero, Ramón y otros. Qué es -Baldwin, Carlos y otro. Introducción General a -Burningham, David y otros. Economía. Editorial: Pirámide.-O'kean, José María. Análisis del entorno económico de los negocios. Una introducción a la macroeconomía. Editorial: McGraw-Hill.-Alba, Alfonso y otros. Economía, Teoría y Política. Libro de problemas. Editorial: McGraw-Hill.-Tugores, Jorge y otros. Introducción a -Lipsey, Richard G. Prácticas de Economía Positiva. Editorial: Vicens-Vives.-Gimeno, Juan A. y otro. Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Jiménez Aguilera Juan y otro. Cuestiones y ejercicios de Teoría Económica. Editorial: Pirámide.-Escribá, F. Javier y otros. Introducción Práctica a Editorial: McGraw-Hill.</p>

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos, aínda que os alumnos procedentes do bacharelato de CC Sociais disporán dunha formación previa que lles permitirá facer un menor esforzo porque xa estarán algo acostumados a metodoloxía empregada nas análises económicas e a súa terminoloxía ao ter cursado Economía e Economía e organización de empresas. Para un mellor rendimento na aprendizaxe é importante facer titorías grupais e individuais. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" nesta materia deberán terse en conta as seguintes recomendacións:

- 1.- A entrega dos documentos producidos farase en formato dixital ou soporte informático, a través do correo electrónico, sen necesidade de imprimilos, excepto no caso que se indica no punto 2 (seguinte).
- 2.- Se o alumno ten a dispensa que contempla a UDC para non asistir as sesións presenciais, as producións requiridas para a súa avaliación se farán todas agrupadas nunha única entrega en papel. Para facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, se fara a dobre cara, dúas páxinas por folia e sen plásticos.
- 3.- Nesta materia traballarase para incorporar a perspectiva de xénero e identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influir na contorna para fomentar valores de igualdade.
- 4.- Tamén facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, ou psíquicas, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria, adaptando para elo, previa solicitude do alumno, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación a cada caso particular.

Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuatrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías